


CONSELLOS PRÁCTICOS PARA UN USO ADECUADO DA BICICLETA NAS VÍAS PÚBLICAS

- **OS CICLISTAS TEÑEN PRIORIDADE RESPECTO AOS VEHÍCULOS DE MOTOR.** Os ciclistas terán prioridade de paso respecto aos vehículos de motor cando xiren á dereita ou á esquerda para entrar noutra vía, e cando, circulando os ciclistas en grupo, o primeiro deles iniciase xa un cruzamento ou entrase nunha glorieta.
- **TAXA DE ALCOHOLEMIA PARA CICLISTAS.** A taxa máxima de alcoholemia dos condutores en xeral (0,5) tamén lles afecta aos ciclistas, aos que inclúe expresamente.
- **DESCENSOS PRONUNCIADOS E SEGUIMENTO.** Nos descensos prolongados con curvas, os ciclistas poderán abandonar a beiravía circulando pola parte da calzada que necesiten, sempre pola dereita. Poderán circular pola beiravía os vehículos en acompañamento de ciclistas a velocidade lenta.
- **CIRCULAR EN GRUPO, PERO NON EN PELOTÓN.** Permiteselles aos condutores de bicicleta circular sen manter a separación entre eles, extremando a atención co fin de evitar accidentes entre os propios ciclistas. Ademais, non se consideran adiantamentos os producidos entre ciclistas do mesmo grupo. Poderán circular en columna de a dúos como máximo, sempre acercándose o máis á dereita posible da vía, e colocaranse de un en un en tramos de pouca visibilidade. En autovías só poderán circular pola beiravía, sempre que sexan maiores de 14 anos e non estea prohibido polo sinal correspondente. Cando se prohiba a súa circulación, un panel indicará o itinerario alternativo.
- **REFLECTANTES OBRIGATORIOS.** Cando sexa obrigatorio o uso de iluminación, se circulan por vía interurbana, os condutores de bicicleta levarán colocada unha prenda reflectante que lles permita aos condutores de vehículos e demais usuarios distinguilos a unha distancia de 150 metros.

- **NA BICICLETA, TODOS CON CASCO.** Os condutores e ocupantes de bicicleta deberán utilizar cascos de protección homologados ou certificados cando circulen en vías interurbanas, salvo en ramplas ascendentes prolongadas, por razóns médicas e en condicións extremas de calor. Os ciclistas en competición e os profesionais, durante os adestramentos ou en competición, rexeranse polas súas propias normas.



- **OS MENORES EN VEHÍCULOS DE DÚAS RODAS.** As bicicletas poderán transportar un menor de ata sete anos nun asento adicional homologado cando o condutor sexa maior de idade. Nos ciclomotores e motocicletas, sempre que estean construídos para iso, ademais do condutor, pode viaxar un pasaxeiro maior de doce anos. Excepcionalmente, poderá viaxar un maior de sete anos cando o vehículo o conduza o seu pai, nai ou titor ou persoas maiores de idade por eles autorizadas, sempre con casco.
- **XIROS INTERURBANOS, DESDE A DEREITA** Antes, tanto en vías urbanas como en interurbanas, os ciclos e ciclomotores de dúas rodas, se non existía un carril especialmente acondicionado para o xiro á esquerda, debían situarse á dereita fóra da calzada sempre que fose posible, e inicialo desde ese lugar. Agora, esta norma queda limitada a vías interurbanas.



NORMAS PARA A UTILIZACIÓN DE CICLOS NAS VÍAS PÚBLICAS



Ciclista, non te arriesgues, coñecer as normas é vital

*Concellería de Réxime Interior e
Protección da Comunidade*